

CINCO MEDIDAS URXENTES QUE UN GOBERNO DA XUNTA DEBE TOMAR PARA DIGNIFICAR A VIDA DAS PERSOAS MAIORES



Desde o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG, após 14 anos de goberno do Partido Popular, primeiro con Alberto Núñez Feixó e desde hai un tempo con Alfonso Rueda como Presidente, valoramos que a situación actual do país en moitos sentidos fai que a vida das persoas maiores da Galiza se vexa complicada, cando non imposibilitada para unha mínima dignidade.

Coa Sanidade Pública en desmantelamento e privatización, e listas de agarda interminábeis; con miles de persoas agardando ou ben pola valoración ou ben pola efectiva prestación no caso da dependencia; coas persoas maiores cada día máis excluídas da vida nas Administracións Públicas ou nas oficinas bancarias por mor da dixitalización; coas segundas pensións máis baixas do Estado, e no caso das mulleres con contías moi inferiores ás dos homes; con moitas galegas e galegos maiores vivindo unha soidade non desexada, en moitos casos en aldeas e vilas do rural con escasos servizos e atención; non podemos máis que continuar a nosa loita pola dignificación da vida das persoas maiores da nosa nación.

Por iso, desde o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG, queremos facer chegar ás organizacións políticas que presentan candidaturas ao Parlamento Galego e a toda a poboación galega, estas **CINCO MEDIDAS URXENTES QUE UN GOBERNO DA XUNTA DEBE TOMAR PARA DIGNIFICAR A VIDA DAS PERSOAS MAIORES**, na idea de que se estes mínimos se poñen en marcha, algo empezaría a cambiar nas nosas vidas como galegos e galegas maiores.



**COLECTIVO DE XUBILADOS/AS
E PENSIONISTAS**



Desde o Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG exiximos do goberno que saia das urnas o 18 de febreiro que se poña mans á obra inmediatamente para a consecución destas e outras medidas que leven a dignificar a vida das persoas maiores na Galiza

- **Recuperar a Sanidade Pública Galega.** Levar a cabo un reforzo urxente da Atención Primaria e reverter todas as privatizacións existentes no servizo sanitario. Reforzar os cadros de persoal e poñer en marcha un Plan de Choque que atalle as enormes listas de agarda existentes, tanto en Atención Primaria como en Especializada. Estabelecer itinerarios específicos para persoas maiores de 65 anos.
- Posta en marcha dun **Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas**, que aglutine os actuais e dispersos servizos de atención á dependencia e ás persoas maiores (Centros de Día, Residencias, SAF...), que serán xestionados desde a Xunta e mellorarán as condicións laborais do persoal. Exixir o traspaso das competencias en materia de dependencia e poñer en marcha un Programa de Infraestruturas que a medio prazo aumente considerablemente as prazas públicas ata acadar, cando menos, as ratios recomendadas pola OMS de prazas por habitante maior de 65 anos.
- Recuperar a **atención presencial e directa sen cita previa** en todas as oficinas e servizos da Administración Galega, establecendo por lei uns mínimos na atención ás persoas maiores noutro tipo de establecementos, como as oficinas bancarias.
- Poñer en marcha un ambicioso **Plan Galego de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia**, coa participación das organizacións de persoas maiores e de profesionais da atención ás persoas (terapia ocupacional, traballo social, educación social, persoal sanitario de distintos eidos...), que chegue a cada recuncho do país para mellorar o día a día das persoas maiores e atallar a soidade non desexada.
- **Defender e reforzar o Sistema Público de Pensións**, para acadar a revalorización das pensións co IPC real e garantir por lei a pensión mínima igual ao SMI. Exixir o traspaso á Administración Galega da competencia de xestión do réxime económico da Seguridade Social prevista no Estatuto de Autonomía, para que sexa a **Xunta de Galiza quen xestione as pensións das galegas e galegos**.



**SOMOS MAIORES
TEMOS DEREITOS**

